



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O Porto de Lorbé é a única zona de Oleiros que aínda mantén a actividade mariñeira nese concello. Son famosos os mexillóns de Lorbé pero ademais son a día de hoxe unha próspera industria. E quen non coñece a festa da centola de Lorbé, cada ano máis concorrida, e coincidindo sempre coa época de maior colleita dese marisco.

Pois ben, no mes de maio do ano 2023, e a tan só uns días da celebración das eleccións municipais, a prensa local en Oleiros recollía o seguinte titular: “Portos de Galicia anuncia que xa ten proxecto para ampliar o dique de Lorbé e facer ademais uns pantaláns”.

A noticia sinalaba que se tiña chegado a un acordo coa confraría, a unha proposta de actuación conxunta que se plasmaría moi pronto nun proxecto: “Portos de Galicia mantivo una reunión o pasado xoves con membros da Confraría de Pescadores de Lorbé e chegouse a un acordo para executar unha das máis antigas demandas de este pósito, a ampliación do espigón”. “Ensináronnos varios debuxos, alternativas de proxectos, un pareceunos ben, a eles tamén, e estamos satisfeitos. Agora a ver se se cumpren”, dicía o patrón maior en referencia a aquel anuncio da Xunta que se facía a dous días das eleccións municipais.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2025 11:44:14
Nº Rexistro: 21470
Data envío: 11/03/2025 11:44:14.229

Pero hoxe, dous anos despois e xa celebradas aquelas eleccións segue sen realizarse nin proxecto, nin ampliación, nin dique, nin pantaláns.

Portos segue sen concretar cantos metros vaise prolongar o dique e nos tememos que esa obra o mellor esa promesa, tamén careza, aínda hoxe de orzamento. Unha actuación tan anunciada e tan oportunamente prometida, só era fume. Fume electoral, iso si.

Lamentablemente no 2025 segue sen abordarse unha obra necesaria e sempre reclamada pola confraría de Lorbé. Alargar o espigón é imprescindible para aumentar o abrigo e a protección dos barcos, porque cando hai temporal teñen que refuxiarse en Sada ou na Coruña. Ademais prometéronlles instalar pantaláns para ampliar os amarres.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que antes de rematar o ano 2025 poña en marcha as obras de ampliación do espigón do porto de Lorbé e os pantalans comprometidos no ano 2023, seguindo o proxecto que fora consensuado, coa cofradía de pescadores de Lorbé.

Santiago de Compostela, a 10 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

**Julio Abalde Alonso na data 11/03/2025
11:32:24**

**Carlos López Font na data 11/03/2025
11:33:00**

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2025 11:44:14
Nº Rexistro: 21470
Data envío: 11/03/2025 11:44:14.229

**José Ramón Gómez Besteiro na data
11/03/2025 11:34:07**

CSV: REXPG-yLSNTmzPA-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

@PSdeG

